


Proxecto para o fomento do uso do galego



Curso Académico 2019 - 2020

ÍNDICE

1. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO IES DE ARZÚA.....	páxina 3
2. DESCRICIÓN DE OBXECTIVOS.....	páxina 7
3. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	páxina 11
4. AVALIACIÓN DO IMPACTO PRODUCIDO NA COMUNIDADE ESCOLAR E NO CONTORNO.....	páxina 22
5. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	páxina 25

1. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO IES DE ARZÚA

1.1. CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O IES de Arzúa está situado na rúa do Castro s/n da Vila de Arzúa.


O concello de Arzúa ten, segundo o censo de 2019, unha poboación de 6.041 habitantes, 3012 homes e 3029 mulleres.

O Concello de Arzúa ten no seu casco urbano uns 2.600 habitantes.

A Vila de Arzúa funciona como cabeceira dunha comarca da Galicia interior.


Uso do galego por concellos

Porcentaxe de falantes como primeira lingua segundo datos do IGE 2011.



Public domain

A comarca de Arzúa ten uns 17.000 Habitantes, e inclúe os concellos de O Pino, Boimorto, Touro e Arzúa.



Os concellos de procedencia maioritaria do alumnado do IES de Arzúa son, Boimorto e Arzúa.

O resto do alumnado procede de O Pino, Touro, Vilasantar, Sobrado dos Monxes, Toques, Melide e Santiso.

Nos Ciclos Formativos, a procedencia do alumnado é diversa, con alumnos procedentes das comarcas de Arzúa, Melide, Betanzos, A Ulloa, Deza, Chantada, Santiago, etc.

No presente curso 2019-20 hai un total de **279 alumnos/asna modalidade presencial e 72 alumnos/alumnas na modalidade a distancia.**

Os alumnos están distribuídos da seguinte maneira:

- FP Básica de Agroxardaría e composicións florais.....16 alumnos
- Ciclos Formativos.....74 alumnos
 - Ciclo medio Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.....14 alumnos
 - Ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural.....35 alumnos
 - Ciclo Superior de Administración e Finanzas.....25 alumnos
- ESO.....138 alumnos
 - 1º ESO.....40 alumnos
 - 2º ESO.....35 alumnos
 - 3º ESO.....29 alumnos
 - 4º ESO.....34 alumnos
- Bacharelato.....51 alumnos
 - 1º BACH....26 alumnos
 - 2º BACH....25 alumnos

Na modalidade a distancia:

Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural: 1º/2º.....72 alumnos

A dotación de profesorado para curso 2019-20 é de **47 profesores e 4 profesores máis para a formación a distancia.**

O alumnado do IES reside, maioritariamente, no medio rural, un 75 %. O 25 % restante vive en vilas, principalmente en Arzúa.

A presenza no IES de Arzúa de alumnado inmigrante que descoñece tanto o galego como o castelán é en xeral reducida.

No segundo trimestre do curso 2016-2017 o EDLG do IES de Arzúa, realizou un estudo

sociolingüístico seguindo a metodoloxía proposta na *GUÍA PRÁCTICA PARA A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA NOS CENTROS EDUCATIVOS*. Xunta de Galicia. 2007.

Traballouse con tres mostras:

- Enquisa Sociolingüística 2016-2017 - Alumnado
- Enquisa Sociolingüística 2016-2017 - Profesorado
- Enquisa Sociolingüística 2016-2017 - Persoal non docente


Os datos do indicador sociolingüístico - *Contexto sociolingüístico do Centro*, constatan que o Centro sitúase nun contexto con claro predominio do galego.

A puntuación obtida no índice - *Contexto sociolingüístico do Centro* foi de 3.85.

Poderíase corrixir tendo en conta datos do Consello da Cultura Galega, o que daría un índice

- *Contexto sociolingüístico do Centro* de 3.92

O 4 indicaría predominio do galego e 5 só galego.



Lingua habitual en Galicia. Fonte: Loia. Consello da Cultura Galega

1.2.SITUACIÓN DO PROFESORADO.

Das enquisas realizadas ao profesorado considérase importante salientar os seguintes resultados:

1. Na lingua habitual do profesorado non existe predominio da lingua galega: 3.0

Unha puntuación de 4 indicaría predominio do galego.

2. A Capacitación do profesorado para empregar o galego na actividade docente é alta: 3.94

Unha puntuación de 3 indica capacidade media e 4 alta.

3. A Disposición é un valor que consideramos que require unha análise complexa, mostra que a dispoñibilidade é moderada con tendencia a boa, a puntuación obtida no Indicador foi de 3.53

Unha puntuación de 3 indica disposición media e 4 disposición alta.

4. Actitudes sobre a normalización do galego, a actitude do profesorado cara á normalización social da lingua é favorable achegándose a moi favorable: 4.9.

Unha puntuación 3 indica actitude indiferente, 4 favorable e 5 moi favorable.

5. Actitudes sobre o galego no ensino a actitude do profesorado de cara á utilización da lingua galega no ámbito educativo: 4.65.

Unha puntuación de 4 indica actitude favorable e 5 moi favorable.

A puntuación obtida no **Indicador sociolingüístico foi de 3.86**

1.3.SITUACIÓN DO ALUMNADO.

O terceiro indicador sociolingüístico, presenza do galego na vida do alumnado, sinala que a presenza do galego na vida do alumnado é boa.

Obtívose unha puntuación de 4.01.

Unha puntuación de 4 indica presenza boa e 5 presenza plena.

Salientamos que a puntuación máis alta obtívose no ítem Competencia comunicativa, 4.31, superando lixeiramente á lingua habitual no centro, 4.09.

Unha puntuación de 4 indicaba predominio do galego e 5 só galego.

A lingua habitual, 3.93, supera ao uso da lingua no ámbito familiar 3.76

Nos ítems relacionados con actitudes sobre o galego, as puntuacións sitúanse arredor do 4, o que indicaría unha clara actitude a normalización do idioma e a súa inclusión no ensino.

Destacamos tamén como dato positivo que a primeira lingua da maioría do noso alumnado aínda segue a ser o galego, polo tanto aínda non se quebrou no noso caso a transmisión xeracional.

1.4.AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O cuarto indicador sociolingüístico, presenza ambiental de galego no Centro, marca unha presenza ambiental ampla 3.81.

Unha puntuación de 4 indica presenza ampla e 5 presenza plena.

1.5. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Dos resultados anteriores resulta un contorno sociolingüístico do centro moi próximo ao predominio do galego.

O Indicador Global é igual a 3.89

Unha puntuación de 3 indica contorno con similar presenza das dúas linguas e 4 indica contorno con predominio do galego.

2. DESCRICIÓN DE OBXECTIVOS

O obxectivo prioritario do PEC do noso Centro é garantir o uso progresivo da lingua galega nos diversos estamentos da comunidade educativa tanto na súa vertente oral como na escrita.

Os dous primeiros obxectivos do PLC actualizado no curso 2016-2017 son:

- Garantir que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.
- Garantir que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira plena competencia en galego, de maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES de Arzúa propónse desde o curso 2005-2006, dinamizar un Plan específico de Fomento do Uso da Lingua que tenta implicar a toda a comunidade educativa, facendo especial fincapé no alumnado e no profesorado. No alumnado, por ser o noso punto forte que se debe preservar e potenciar. No profesorado, por ser un dos puntos máis febles no noso contexto.

2.1. OBXECTIVOS REFERIDOS Á CONTORNA DO CENTRO

- Desenvolver os hábitos e técnicas para que, a través da implicación afectiva, se chegue a un compromiso positivo coa nosa lingua e coa nosa cultura.
- Implicar aos distintos membros do centro no Proxecto Lingüístico
- Fomentar o uso da lingua galega na escrita e na vertente oral
- Promover a auto estima lingüística nas familias, para que se valoren como elemento fundamental na transmisión do idioma e na aprendizaxe dos alumnos

- Redactar todos os documentos internos e externos, boletíns, anuncios, comunicacións, avisos, etc. integramente en galego.
- Aproveitar a contorna como axente educativo.
- Aproveitar o centro como espazo comunicativo, Biblioteca, conferencias, teatro, música...
- Intercambiar experiencias con outros centros.

- Promover o uso da lingua galega en todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos de demanda no campo da cultura e do ocio.
- Desenvolver entre a mocidade os valores identitarios e funcionais da lingua galega.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- Achegar información sobre os produtos e recursos informáticos elaborados en Galego.
- Recoñecer a utilidade do Galego como vía idónea de comunicación mais aló das fronteiras da Galiza, como lingua privilexiada pola súa ligazón có Portugués.

2.2. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO DO CENTRO

- Promover a docencia en galego.
- Empregar diversos recursos educativos en lingua galega.

- Organizar diferentes actividades extraescolares.

- Implicar aos alumnos nas actividades organizadas desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e desde outros departamentos, ofrecéndolles as axudas que fosen necesarias.

- Utilizar materiais audiovisuais para favorecer unha aprendizaxe activa e motivadora do idioma.
- Utilizar os medios de comunicación e as TIC para mellorar a competencia lingüística.

- Promover accións que garantan os dereitos lingüísticos.

- Planificar actividades e apoios que posibiliten a integración lingüística do alumnado non galegofalante.

2.3. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO DO CENTRO

- Participar en programas de radio, asistir a exposicións, viaxes culturais, representacións teatrais, etc.
- Participar no deporte escolar.
- Colaborar na actualización do Taboleiro da Lingua.
- Colaborar cos grupos de traballo que elaboren as campañas de fomento do uso do galego no Centro.
- Participar nas actividades recollidas no Plan Lector da Biblioteca.

2.4. OBXECTIVOS REFERIDOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Propoñer e participar en actividades que melloren as competencias e as actitudes lingüísticas da comunidade escolar: conferencias, cursos, campañas, etc.
- Informar sobre os recursos en galego na rede: correctores ortográficos, tradutores lingüísticos, páxinas Web, etc.
- Establecer liñas de actuación regulares entre o Centro e os organismos culturais do Concello de Arzúa.
- Establecer fórmulas de integración e colaboración con empresas locais para favorecer o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.
- Desenvolver proxectos de recuperación da memoria histórica local, en colaboración con entidades e colectivos locais.
- Coordinar esforzos colectivos en prol da progresiva implantación da lingua galega en contextos diferentes.
- Eliminar prexuízos lingüísticos, a diglosia e outras actitudes de 'auto odio' cara a propia lingua.
- Valorar a lingua galega como unha ferramenta 'útil', que serve de comunicación internacional pola ligazón co portugués.
- Conseguir unha maior competencia lingüística: formar, asesorar e modificar actitudes do profesorado.

- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega, prestándolles especial atención a todos os relacionados coas TIC.
- Poñer en contacto ao alumnado coa música galega a través das clases de música, da biblioteca, das clases de lingua ou do EDLG.
- Tratar de crear un voluntariado lingüístico para que este alumnado poida ser axudado por outros que teñan maior competencia lingüística a cambio dalgún tipo de compensación.
- Poñer en marcha proxectos de intercambio epistolar con alumnado doutros centros a través do correo electrónico.
- Crear blogs onde sexa posible escribir en galego sobre temas do interese do alumnado e practicar a lectura e a escrita co apoio do profesorado.
- Poñer en marcha foros trimestrais sobre temas previamente acordados.
- Acceder a páxinas Web onde se pode obter información sobre contidos relacionados coa cultura, a lingua e a literatura galegas ou outras similares con contidos relacionados coas distintas materias e escritos en galego.
- Usar as TIC para que o alumnado relate o que ve e comprobar a evolución da competencia lingüística.
- Usar xogos e outros entretementos en galego.
- Seguir os usos lingüísticos que son desenvolvidos no Centro.
- Concienciar aos sectores da Comunidade Educativa menos sensibles ante as relacións lingüísticas de tipo asimétrico.
- Poñer, na medida do posible, a disposición do profesorado, do alumnado e de toda a Comunidade Educativa asesoramento e apoio lingüístico.
- Facilitar aos seminarios e departamentos os diversos materiais didácticos e informáticos en lingua galega dos que dispón o noso centro escolar.
- Desenvolver un labor de concienciación sobre a relevancia do uso da lingua galega no ámbito educativo.
- Inserir a dinamización lingüística desenvolvida no centro dentro dun contorno comunitario máis amplo e establecer contacto estreito con outras institucións que traballen nunha liña semellante:

Radio Arzúa, Concellería de Cultura, Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Arzúa, Centro de Información á Muller, Servizo Municipal de Información Xuvenil, etc.

3. DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

3.1. ACTIVIDADES PERMANENTES

3.1.1. Taboleiro da Lingua

Obxectivo

Sensibilizar e informar ao alumnado, ao profesorado, en aspectos relativos á actualidade da Lingua Galega, facéndoo participar activamente no seguimento de noticias de prensa que aborden diferentes aspectos da nosa lingua: lexislación, campañas de dinamización, sociolingüística, literatura, usos e ferramentas TIC en Galego, concursos literarios, etc.

Organización da Actividade:

A partir dos xornais ou de noticias en rede, o alumnado buscará novas relacionadas coa nosa lingua e coa problemática lingüística das linguas en contacto nas súas diferentes perspectivas. Posteriormente, tales noticias ou comentarios serán colocados no “*Taboleiro da Lingua*” para que poidan chegar ao resto dos membros da Comunidade Educativa.

O profesorado tamén colgará información sobre concursos literarios e outras actividades relacionadas co uso da lingua.

O taboleiro está situado nun lugar de paso de todo o alumnado e moi accesible tamén para o profesorado, concretamente entre as dúas portas do salón de actos e case enfronte á porta de entrada á sala do profesorado.

Ademais de novas relacionadas coa lingua no taboleiro tamén pódese informar de publicacións de obras literarias de interese, textos poéticos dos que o alumnado ou profesorado guste e queira compartir ou bandas deseñadas, humor gráfico de actualidade...

É dicir, o taboleiro da lingua é un espazo libre de expresión para todas aquelas informacións ou manifestacións culturais relacionadas coa lingua e cultura galega.

3.1.2. Saídas do Centro

Obxectivo

Estender as actividades de dinamización da lingua, así como de coñecemento doutras realidades, a ámbitos xeográficos diferentes aos da localidade de Arzúa.

Trataríase de asistir a diferentes actividades de tipo cultural noutros lugares como Santiago de Compostela ou A Coruña, por ser estes os polos de atracción cultural de maior actividade e proximidade a Arzúa.

Organización da actividade

Asistencia a representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, exposicións, concertos e todas aquelas actividades que se programen, na vila de Arzúa ou noutras localidades próximas.

Responsabilízanse destas actividades os/as profesores/as do EDLG

3.1.3. Colaboración nas Campañas das Consellarías, Concello de Arzúa, Deputación e outras Institucións Relacionadas coa Cultura e a Dinamización Lingüística:

Obxectivo

Implicar ao Centro nas distintas propostas que no ámbito da dinamización da lingua e cultura galegas se desenvolvan desde órganos específicos de longo alcance.

Ampliárase deste xeito a capacidade dinamizadora executada no contexto estritamente educativo.

Organización da actividade

O EDLG, en contacto con diferentes institucións, ofrecerá a súa colaboración nas diversas campañas que se deseñen, dun xeito especial, para contextos educativos, Correlingua, Festa da Lingua do Concello, Actividades da Festa Do Queixo, Actividades da Real Academia da Lingua, etc.

Colaborar tamén co Concello de Arzúa naquelas actividades de carácter cultural e dinamizador da lingua que nos oferten e nos parezan interesantes.

Isto xa vén sendo práctica habitual nos últimos cinco anos.

3.1.4. Presenza nos Medios de Comunicación

Obxectivos

Preténdese acadar a máxima difusión das actividades planificadas e executadas polo EDLG, tamén o posicionamento puntual do centro escolar respecto a cuestións diferentes as lingüísticas.

Búscase, ademais, colaborar con outras entidades externas ao centro co obxectivo de potenciar a nosa lingua, neste caso, como nos cursos precedentes, traballaremos con Radio Arzúa.

Organización da actividade

Enviárase aos distintos medios de comunicación desde o EDLG notificación desas actividades que se realizan no marco do Centro ou con proxección na Comunidade Educativa.

Como en cursos precedentes, tentaremos levar á radio local algúns programas de radio elaborados polo alumnado ao longo do curso.

As temáticas serán, de novo, a comunicación e a mocidade, incluíndo, como xa vén sendo habitual, un programa especial dedicado ao Día das Letras Galegas.

O noso obxectivo é darlle prioridade ás competencias activas da lingua galega.

3.1.5. Información e colaboración co Profesorado

Obxectivos

Acadar un uso preferente do galego na docencia, nas relacións entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

Facilitar información de cara a mellorar as competencias, as actitudes lingüísticas do profesorado, vencer prexuízos cara o galego e promover actitudes favorables á galeguización, e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.

Organización da actividade

O EDLG manterá ao profesorado permanentemente informado sobre as actividades de formación relacionadas coa sociolingüística e a planificación lingüística organizadas polas Consellarías ou outros organismos.

Asesorará sobre bibliografía e materiais didácticos en lingua galega, informará sobre os recursos en galego na rede e propondrá charlas ou outras actividades de formación que considere de interese de cara á consecución dos obxectivos formulados.

3.1.6. Teatro

Obxectivos

Habilitar espazos lúdico formativos de uso da lingua.

Desenvolver a creatividade, a espontaneidade, a correcta expresión oral e o espírito crítico.

Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos.

Organización da actividade

Creación dun club de teatro cos alumnos de 1º Bach os luns pola tarde. Encárgase da realización da actividade o profesorado de lingua española.

3.1.7. Páxina Web/ Blog

A páxina web do centro: **<https://edu.xunta.gal/centros/iesarzua>** , integramente en galego, é un referente para o conxunto da comunidade educativa. Cólganse nela todas as actividades realizadas ao longo deste curso 2019-2020 e recóllese todo o material lúdico e didáctico.

O blog da biblioteca: **biblioarzua.blogspot.com** realiza tamén un papel importante no compromiso do uso do galego, con entradas varias sobre lecturas, actividades, conmemoracións...

O emprego da rede social **Facebook** contribúe a dar a coñecer as diferentes actividades pedagóxicas e culturais realizadas no centro e difundir toda a información en galego.

Obxectivos

Procurar estímulos positivos que reforcen o gusto por novas formas de creación artística vinculadas á defensa da lingua galega de forma directa ou indirecta.

Educar na información usando recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información.

Utilizar a biblioteca do Centro como recurso necesario e como lugar activo para relacionarse en Galego.

Fomentar a produción e a recepción de información en galego na rede de xeito crítico e autónomo.

Adquirir técnicas para a elaboración de materiais audiovisuais.

Crear espazos de opinión e de lecer relacionados coa lectura, cine, teatro,... e fomentar as relacións persoais a través dela.

Algúns destes obxectivos coinciden cos do *Proxecto Lector* do Centro, promovido polo Grupo de Biblioteca.

Organización da actividade

Encárganse da coordinación desta actividade o Xefe de Estudos, Vicedirección, profesorado de diferentes disciplinas e os membros do EDLG.

3.1.8. Exposicións de Temática Variada

Obxectivos

Achegar á comunidade educativa á vida cultural galega a través de varias exposicións.

Organización da actividade

Realizaranse exposicións de temática diversa relacionadas co entorno da cultura galega. Coordinarán esta actividade membros do EDLG.

3.2. ACTIVIDADES CON PERIODICIDADE ESPECÍFICA

1º TRIMESTRE

3.2.1. Concurso de epitafios

Obxectivo:

Redactar textos curtos en galego e tamén na modalidade bilingüe de galego con calquera dos outros catro idiomas que se imparten no centro.

Promocionar a competencia plurilingüe

Premiar a orixinalidade e a corrección lingüística.

Conmemorar o día de Samaín.

Organización da actividade

Iría destinada aos grupos da ESO e FP Básica.

Encargaranse desta actividade os integrantes do EDLG, Vicedirección, as titorías de ESO e FP Básica.

3.2.2. Xogos populares , degustación de castañas e música galega.

Obxectivo:

Conmemorar o Magosto, festa típica da nosa cultura.

Organización da actividade:

Iría dirixida a toda comunidade educativa e encargaranse da actividade os integrantes do EDLG e do Equipo Directivo.

3.2.3. Espectáculo teatral: Nós

Obxectivo:

Conmemorar o día da Infancia

Organización da actividade:

Iría destinada a 1º e 2º da ESO

Organiza o Concello de Arzúa na Casa da Cultura

3.2.4. Día internacional contra o maltrato da muller

- ✓ **Visualización e charlas sobre documentais: Tódalas mulleres que coñezo**

Obxectivo:

Fomentar a educación en igualdade

Visualizar proxeccións en galego

Organización da actividade:

Proponse para 3 e 4º ESO

Organiza Vicedirección , o Club de letras e membros do EDLG

✓ **III Certame feminista**

Obxectivo:

Fomentar o espírito crítico sobre un tema que nos afecta a todas/os e sobre o que se necesita unha reflexión no ámbito da educación para construír unha sociedade máis xusta e libre.

Organización da actividade:

Proponse para 1º, 3º e FP Básica: microrrelato ou conto e 4º ESO a 2º BAC e Ciclos: guión de curtametraxe, artigo de opinión ensaio ou manifesto. Organiza a actividade o Departamento de Filosofía e Lingua Española.

✓ **Crónica dun 28 N (Programa Vagalume)**

Obxectivo:

Sensibilizar sobre a igualdade de xénero.

Commemorar o día da non violencia contra a muller.

Organización da actividade:

Proponse para o alumnado de 2º de Bach.

Organiza a actividade o Departamento de Lingua Española.

✓ **Xincana pola igualdade**

Obxectivo:

Fomentar os valores da igualdade de forma lúdica e dinámica.

Sensibilizar en materia de igualdade de xénero e previr as violencias machistas.

Organización da actividade

Proponse para o alumnado de 2º, 3º, 4º da ESO e FP Básica.

Organiza Vicedirección e o Club de Letras.

3.2.5.Deseño dunha tarxeta de Nadal

Obxectivo

Elaborar unha Tarxeta de Nadal para a felicitación das festas.

Promocionar a competencia plurilingüe.

Organización da actividade

Todo o alumnado do centro

Encargaranse da actividade os membros do EDLG, Vicedirección e as titorías da ESO.

3.2.6. Elaboración dun Marcapáxinas destinados a fomentar a lectura en Galego

Obxectivo

Colaborar coa biblioteca do Centro nas campañas de animación á lectura, facendo fincapé na riqueza de podermos ler en galego.

Organización da actividade

Propónse para os grupos de 1º ESO

Encargaranse desta actividade o profesorado do Departamento de Plástica e Visual, Grupo de Biblioteca e o profesorado integrante do EDLG.

2º TRIMESTRE

3.2.7. Día da paz e da non violencia

Obxectivo:

Escribir mensaxes de paz en distintas linguas para colocar no taboleiro do corredor principal.

Promocionar o plurilingüismo

Organización da actividade:

Propónse para o alumnado de 1º ESO e FP Básica. Encárgase da actividade Vicedirección e os membros do EDLG

3.2.8. Día de Rosalía

✓ Poemas ilustrados:

Obxectivo:

Elixir un poema ou un verso de Rosalía e ilustralo con deseños relacionados co seu contido.

Organización da actividade:

Dirixida ao alumnado de 1º ESO e FP Básica. Encárgase da actividade o profesorado de Galego e os membros do EDLG.

✓ Paneis con poemas de Rosalía

Obxectivo:

difundir poemas de Rosalía en espazos verdes de Arzúa (o parque).

Colaborar co CPI e co Concello de Arzúa.

Organización:

Participa o alumnado de FP Básica.

Encárgase da actividade Vicedirección e EDLQ.

Distribúen os paneis o Concello de Arzúa.

3.2.9. Receitas do Entroido

Obxectivo:

Facer notar a nosa gastronomía no noso alumnado.

Recollida de receitas gastronómicas propias da zona.

Organización da actividade:

Encargaranse desta actividade os membros do EDLG, Vicedirección, o Equipo de Biblioteca e todas as titorías.

3.2.10. Visualización de documentais.

✓ ***O que arde***

Obxectivos

Coñecer un problema ambiental galego, a relación do lume cunha aldea lucense.

Visualizar un filme en galego, cun éxito internacional.

Organización da actividade

Actividade proposta para o Ciclo Superior e Ciclo Medio de Xestión Forestal. Organiza Vicedirección, Departamento de Agraria e EDLG.

3.2.11. 8 de marzo

✓ **“Coñece os teus maiores”**

Obxectivos:

Visualizar o papel das mulleres maiores do concello.

Expoñer as vivencias da muller no medio rural e o seu rol.

Organización:

Actividade proposta para 1º e 2º da ESO. Organiza o Club de Letras, Vicedirección e membros do EDLG.

✓ **Vídeo: *Eu son...mulleres da sombra a luz***

Obxectivos:

Facer visible o papel das mulleres na historia

Elaborar un vídeo representativo de mulleres de diferentes ámbitos: escritoras, científicas, mestras, mulleres esquecidas que traballaron ao nivel dos seus compañeiros masculinos recoñecidos.

Organización:

Actividade proposta para alumnas da ESO de tódolos niveis e BAC. Organiza membros do Club de Letras, Vicedirección e EDLG.

3.2.12 . Proxectos audiovisuais

✓ ***Abrir os ollos***

Obxectivos:

Darlle voces as mulleres que quedaron silenciadas, empregando o mito da *Odisea* de Homero.

Empregar o uso da lingua galega entre a xente nova e a través das novas tecnoloxías.

Organización da actividade

Proponse para o alumnado de 2º Bac, organiza o Departamento de Filosofía e os membros do ENLG

✓ ***O mito do rural***

Obxectivos:

Promover o galego e a vida da aldea.

Promocionar a identidade galega.

Recordar citacións famosas divulgadas por personalidades importantes como a de Castelao “Vale máis unha terra con árbores nos montes ca un Estado con ouro nos bancos”

Organización:

Actividade dirixida para os alumnos de 2º BAC.

Organiza o Departamento de Filosofía e os membros do EDLG

3º TRIMESTRE

3.2.13. Semana das Letras Galegas

Durante a semana das Letras Galegas aproveitarase para facer diferentes actividades de divulgación da lingua e cultura galegas, tentando que a achega conecte cos intereses de todos.

- ✓ **Vídeo conmemorativo das Letras Galegas homenaxeando a Ricardo Carvalho Calero**

Obxectivos:

Fomentar e coñecer as últimas novidades da literatura galega arredor de **Ricardo Carvalho Calero**.

Promocionar o galego a través de proxectos audiovisuais.

Organización da actividade:

Encárganse desta actividade o Departamento de lingua española e EDLG. O vídeo vai dirixido a toda comunidade educativa. Para a elaboración do vídeo contarase coa colaboración da cantautora de Arzúa **MJ Pérez** (ex alumna do IES de Arzúa)

3.2.14. Actividades no MPG

- ✓ **Visita ao Museo do Pobo Galego para realizar a actividade de *Regueifa para a igualdade*.**

Obxectivo:

Descubrir de forma lúdica diferentes contidos temáticos do Museo do Pobo Galego.

Organización da actividade:

Irá dirixida ao alumnado de 2º, 3º e 4º ESO. A duración é de 90 minutos. O número de participantes por sesión é como máximo de 25.

- ✓ **Visita ao Museo do Pobo Galego para realizar unha das visitas comentadas.**

Obxectivos:

Reflexionar sobre como todas as culturas teñen manifestacións musicais propias, e neste caso, a galega.

Coñecer as manifestación musicais galegas desde as creacións consideradas autóctonas até a adaptación de ritmos alleos. Pasarase pola vixencia da música tradicional e da súa fusión con novos ritmos e instrumentos até traela a contemporaneidade.

Organización:

Dirixida ao alumnado de 3º/4º ESO. Ten unha duración de 90 minutos. Está dirixida polas guías do Museo. O número de participantes por sesión é como máximo de 25 persoas.

- ✓ **Conxunto histórico artístico de Bonaval: o edificio conventual e a igrexa de Santo Domingos de Bonaval**

Obxectivos:

Coñecer estes edificios de grande valor artístico que fan parte do grupo de edificios relixiosos destacados do Barroco Compostelán.

Valorar o patrimonio artístico galego e próximo.

Coñecer a historia da contorna máis inmediata destes edificios a través dos diferentes usos que os mesmos tiveron ao longo da historia.

Organización da actividade

Destinada a Bacharelato. Duración: 60 minutos. Guiada polas guías do museo.

O número máximo de participantes por sesión é de 25 persoas.

✓ **Itinerarios pola Sala Mar e Campo do Museo do Pobo Galego**

Pode ser completado con outras salas como Oficios/ Espazo Construído / Sociedade

Obxectivos

Descubrir e valorar o tesouro literario e musical medieval galego-portugués.

Completar a formación académica con outra visión sobre o campo e como este se interrelaciona con outros ámbitos como a sociedade, as construcións ou oficios tradicionais galegos.

Coñecer e valorar distintos aspectos etnográficos e históricos do medio mariño, da terra, gandaría e agricultura que marcaron o sistema produtivo galego e fan parte dos problemas e tamén das solucións do mesmo na actualidade.

Reflexionar sobre como a sociedade, cultura e espazo se interrelacionan.

Organización da actividade

Está destinada a FP Básica de Agroxardaría e composicións florais e Ciclo Medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural e Ciclo Superior de Xestión forestal e do Medio Natural.

Estará guiada polas guías do museo.

Poderanse realizar ó longo do curso outras actividades do MPG que vaian xurdindo.

3.2.15. Contacontos

Obxectivos

Favorecer as competencias activas da lingua, especialmente a oralidade.

Desenvolver actitudes e competencias para a improvisación.

Coñecer a improvisación oral como expresión cultural universal.

Organización da actividade

Organiza a Asociación Oral de Galiza

Realizaranse dúas sesións de 90 minutos cada unha.

Iría destinada ao alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO e 1º FPB

Esta actividade realízana o Departamento de Galego, Departamento de Orientación e EDLG

3.2.16. Visita á Cidade de A Coruña

Obxectivos

Achegar ó alumnado ao entorno onde se sitúa Real Academia da Lingua.

Organización da actividade

Realizarase unha visita pola cidade de A Coruña, en colaboración cá Deputación de A Coruña.

Visita á Real Academia da Lingua.

Visita ao edificio “A Terraza” para ver as instalacións de Radio Nacional de España en Galicia. Encargaranse desta actividade o profesorado integrante do EDLG .

4. AVALIACIÓN DO IMPACTO PRODUCIDO NA COMUNIDADE ESCOLAR E NO CONTORNO

Para a realización das tarefas planificadas polo EDLG do IES Arzúa, é fundamental contar coa implicación constante e responsable do alumnado do centro.

É importantísimo que o alumnado se implique nas tarefas de dinamización lingüística porque é con esta actitude como se consegue que moito profesorado non membro do EDLG acabe colaborando, nas actividades ou, cando menos, interesándose e mostrando unha actitude positiva cara as tarefas de dinamización da lingua galega.

De nada serviría que o profesorado preparase coidadosamente as actividades se logo o alumnado apenas responde ou simplemente se mostra indiferente ás propostas elaboradas polos docentes.

É por iso que dende o EDLG téntase facer unha presentación realista da dinamización no noso instituto. Cremos que para atinxir un maior impacto na comunidade educativa hai que traballar co alumnado día a día, comprometéndoo conforme pasa o curso nas distintas tarefas que se planifican.

O alumnado é o noso punto forte por iso debemos coidalo especialmente para que os usos lingüísticos non decaian pois somos conscientes da presión á que están sometidos e, polo tanto, da facilidade coa que se poden perder falantes.

Procuramos non utilizar o escaso tempo que teñen eles e elas nas pausas de recreo para reunións de normalización porque nesas pausas as súas prioridades son descansar da xornada lectiva.

Nun centro con maioría galegofalante como é o caso do IES de Arzúa, a normalización pasa irremediabilmente polo contacto diario e a compoñente cultural e de ocio.

Non necesitamos convencer de que se fale galego, pero precisamos conseguir espazos de normalidade cultural e de ocio para o galego e de dignificación da nosa lingua.

Estes espazos, a radio, o taboleiro da lingua, os blogs, o audiovisual e as viaxes véñense consolidando desde os últimos anos e é aí onde traballamos as competencias activas da lingua.

O noso alumnado fala galego pero consideramos que estes espazos contribúen á adquisición dunha maior competencia escrita e oral na variedade culta. En definitiva, melloran a calidade da lingua e isto é algo que nos parece fundamental para reforzar a valoración da lingua.

O maior impacto que poden ter estas actividades dentro da comunidade educativa é, pois, o reforzo das competencias activas do idioma. A isto engadimos o coñecemento e intercambio con outros mozos e mozas que falen igual ou moi parecido a eles como reforzo decisivo desas competencias, porque o que viña sucedendo algunhas veces nos contactos do noso alumnado con outros centros, sobre todo se eran urbanos, é que se sentían, ou os facían sentir ,os raros, case os únicos que falaban galego de xeito totalmente espontáneo

Estas experiencias resultaron para eles as máis novidosas e enriquecedoras tanto culturalmente como, sobre todo no ámbito das relacións persoais, e segundo puidemos constatar nas enquisa avaliativas posteriores ás actividades, contribuíron claramente a reforzar a utilidade da lingua.

No EDLG tentamos ademais desenvolver un labor dinamizador relacionado ano tras ano: no curso 2006-2007 confeccionouse un calendario que contribuíu a traballar un contido de esencial importancia: A transmisión familiar da lingua como elemento fundamental para a súa preservación. Era un traballo baseado no diálogo interxeracional entre avós, pais, nais e netos e netas.

No curso seguinte colaboramos nun deseño do concello recollendo léxico aportado polas familias, no 2008-2009 levamos a cabo un proxecto parecido, tamén colaborando co concello, pero afondando máis directamente na concienciación lingüística.

O curso 2009-2010, e seguindo coa colaboración do concello, animamos ao uso da lingua e á reivindicación dos dereitos lingüísticos cos paraugas “*En galego. Móllate*”. Esta iniciativa foi moi ben acollida por toda a comunidade educativa e, especialmente polo profesorado.

No curso 2010-11 deseñamos calendarios escolares de peto e tarxetas de Nadal dirixidas ás familias, no curso pasado propuxemos materiais relacionados coas Tics e no presente curso elaboraremos novos materiais.

Neste curso 2019-20, a edición de vídeos, consideramos, pode ter bastante impacto entre a comunidade educativa a respecto da normalización de usos para a nosa lingua, para desmontar o prexuízo da identificación estereotipada de que as linguas dos medios audiovisuais e da internet son só o castelán e o inglés. Deste xeito, o alumnado descobre ferramentas útiles na súa lingua non só propiamente informáticas (correctores, tradutores etc.) senón tamén recursos vía web e cinematográficos.

No caso da enquisa sociolingüística, aínda que o seu impacto non sexa apreciable, nun primeiro momento, na comunidade educativa, ten un interese fundamental para nós porque nos axuda a determinar posibles campañas de normalización e dinamización.

Queremos tamén detectar prexuízos e usos lingüísticos nos espazos de lecer e relacionados co mundo da música. Tamén certos hábitos do alumnado ao rematar a educación secundaria ou a postobrigatoria.

En xeral, como xa comentamos anteriormente, temos un alumnado galegofalante que habitualmente se desenvolve en galego ao longo da súa adolescencia. Pero somos conscientes do risco de que este alumnado, cando marche traballar ou estudar á universidade, se converta en diglósico. Por iso as nosas enquisas pretenden detectar esta problemática para buscar algunha maneira de intervir sobre ela.

Consideramos, en definitiva, que as nosas actividades contribuirán a dar pasos adiante na consecución dos obxectivos propostos. Para asegurarnos realizaremos este curso máis enquisas avaliativas das actividades máis relevantes.

Somos conscientes de que a tarefa normalizadora require o compromiso do maior número posible de membros da comunidade educativa, por iso presentamos unha listaxe do profesorado e alumnado que, de maneira directa ou indirecta se comprometeron a colaborar co EDLG ao longo deste curso no deseño, organización e posta en marcha das actividades.

Para a realización da maior parte das actividades descritas neste Proxecto requírese orzamento específico. O desenvolvemento destas actividades vai estar, pois, condicionado pola concesión dese orzamento.

5. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

Rial Santos, Susana- Departamento Matemáticas

Miguel Ángel Andújar Casais- Departamento de Educación Física

- REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE:

Dolores Blanco Pedreira - PAS

- REPRESENTANTES DO ALUMNADO:

Laura García Rico (2º BAC)

Lorena Pereiro Freire (2º BAC)

Antía Pardo López (2º BAC)

- A Coordinadora do EDLG

- Vº e Prace do Director

Asdo. María Soledad Taboada Carballal

Asdo. Miguel Ángel Andújar Casais

En Arzúa, 27 de febreiro de 2020.

Selo do centro